

## **ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PROFESORADO NO CONSELLO ESCOLAR**

### **CONVOCATORIA**

De acordo coa *RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos* (DOG do 29 de setembro), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **un/unha representante** que forma parte do Consello Escolar.

2. O/a representante do Persoal de Administración e Servizos (PAS) no consello escolar do centro será elixido polo persoal desta categoría que preste servizos no centro (Art. 47 do D. 92/88 – Apdo. 8.4 da Circular 1/98) de entre os membros do mesmo que sexan proclamados pola xunta electoral. O voto será directo, secreto e non delegable.

**3. O prazo de presentación de candidaturas é dende o día 03 ata o 12 de novembro de 2021, ámbolos dous incluídos. Na secretaría do centro estarán a disposición dos/-as candidatos/-as modelos de solicitude para presentarse á elección.**

2. Son electores todo o persoal incluído no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios do centro. **As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:30 h do día 10 de novembro de 2021.**

3. É elixible todo persoal que formule a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do colexio. As candidaturas poderán ser presentadas dende **as 9:30 h do día 3 de novembro ata as 14:30 h horas do día 12 de novembro de 2021.**

4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre o PAS que non se presente como candidato, o día **15 de novembro, ás 12:10 horas**. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro traballadores/-as do grupo de PAS, actuando de secretario o de menor idade.

5. A campaña electoral comprenderá dende o **16 ao 21 de novembro**, ámbolos dous días incluídos. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento do centro. **O día 22 de novembro**, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6. As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 23 de novembro, de 12:00 h a 12:50 h. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 12:00 h.**

7. Na papeleta de votación cada elector fará constar ou sinalará **un nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

12. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

13. A campaña electoral comprenderá dende o 16 ao 20 de novembro, ámbolos dous días incluídos. O día 22 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

Ourense, 02 de novembro de 2021

O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Xosé Rodríguez Iglesias

